

# Presentación do módulo:

## Itinerario persoal para a empregabilidade I

O módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade I ten unha duración total de 107 horas, o que equivale a 128 sesións de 50 minutos cada unha. Impartirase unha sesión diaria de martes a venres. A proba de recuperación para este módulo realizarase no mes de xuño. Para calquera dúbida, podedes atoparme en titoría os xoves de 19:40h a 20:30h no departamento de Formación e Orientación Laboral (edificio A, corredor esquerdo).

### 1. OBXECTIVOS E CONTIDOS

Ao longo do curso, centrarémonos nos seguintes **obxectivos**:

- O desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.
- Avaliar o potencial profesional, a vocación e os intereses para guiarse no proceso de autoorientación.
- Aplicar estratexias de aprendizaxe autónoma.
- Analizar as condicións laborais como persoa traballadora por conta allea.

Os **contidos** distribuiranse nos seguintes trimestres:

- **Trimestre 1:**
  - Unidade 1: A prevención de riscos laborais
  - Unidade 2: Os factores de risco e a súa prevención
  - Unidade 3: A xestión da prevención e os primeiros auxilios
- **Trimestre 2:**
  - Unidade 4: Os dereitos e os deberes laborais
  - Unidade 5: O contrato de traballo
- **Trimestre 3:**
  - Unidade 6: O salario e a Seguridade Social
  - Unidade 7: O sector profesional
  - Unidade 8: O autocoñecemento profesional e o plan de acción
  - Unidade 9: A empregabilidade e o entorno persoal de aprendizaxe

### 2. MÉTODO DE TRABAJO E MATERIAL

O método de traballo baséase na **participación** activa nas diferentes **actividades** propostas pola docente e no uso da plataforma virtual para a entrega de tarefas. Empregaremos o libro de texto (Itinerario personal para la empleabilidad I editorial **Tu libro de FP**) para o seguimento das clases e a elaboración das actividades.

### 3. AVALIACIÓN

Non haberá exame parcial. A nota da unidade virá dada polo peso de cada criterio de avaliación. A cualificación final de cada avaliación calcularase a partir da media aritmética das unidades.

Se suspendes o módulo, entregárase un informe con información sobre as actividades de recuperación e o período de avaliación (neste caso será durante o mes de xuño).

#### **4. VALIDACIÓNS**

Os estudantes que xa superasen o módulo de FOL poderán solicitar a validación durante os 20 primeiros días do curso. Manterase a nota anterior, pero a asistencia será obrigatoria ata que a validación sexa oficial.

#### **5. FALTAS DE ASISTENCIA**

Pódense xustificar ata un máximo de 17 sesións (o 10% do total do módulo). Se superades ese número, as faltas consideraranse non xustificadas e perderedes o dereito á avaliación continua, o que vos obrigará a ir directamente ao exame de xuño. As faltas xustifícanse con documentos oficiais (SERGAS, citacións, etc.).

#### **6. NORMAS DE CONVIVENCIA**

O incumprimento das normas de convivencia do centro da lugar ó inicio dun procedemento sancionador. Lembra que:

- Non está permitido o uso de móbiles nin auriculares en clase; o móbil debe permanecer gardado na mochila e en modo silencio.
- Está prohibido fumar en todo o recinto do centro, incluído o aparcadoiro.
- O uso dos ordenadores do centro debe ser exclusivamente para actividades relacionadas co módulo.
- Calquera falta de respecto cara ao profesorado ou o alumnado será considerada unha infracción e será sancionada.